



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de Ana María Pérez García como persoal funcionaria interina, auxiliar administrativa, de Administración Xeral, Subgrupo C2, na área de Servizos Sociais do Concello de Laxe para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da administración.

Núm. Admvo. Expte.: 2021/X999/000019

Expte. Decreto Núm.: 2022/G003/000025

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 127/2021, de 16/03/2021, se aprobaron as bases e a convocatoria para a selección e provisión dun posto de traballo de funcionario/a interino/a de auxiliar administrativo, Administración Xeral, Subgrupo C2, na área de Servizos Sociais para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da administración.

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 3/2022, de 11/01/2022 pola que se acepta a renuncia voluntaria de Sara Pallas Aldao como auxiliar administrativa no dito posto, polo que se fixo necesario acudir á lista de reserva, seguindo o procedemento establecido nas bases de selección.

Visto o requirimento de documentación efectuado a D^a Ana M^a Pérez García, atendendo a que foi a primeira candidata da lista de reserva que aceptou o chamamento para a incorporación ao posto, presentando a renuncia as anteriores candidatas.

Vista a documentación acreditativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, achegada pola aspirante proposta con data do 25/01/2022.

De conformidade co artigo 21.1.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Realizar o nomeamento a favor de Ana María Pérez García, con DNI núm. ***225*** como funcionaria interina, auxiliar administrativa, de Administración Xeral, Subgrupo C2, na área de Servizos Sociais do Concello de Laxe para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da administración neste concello, programa: “Gastos e actuacións extraordinarios no Departamento de servizos sociais xerados pola Covid-19”.

Segundo. O prazo de duración da interinidade será o imprescindible para a execución do programa “Gastos e actuacións extraordinarios no Departamento de servizos sociais xerados pola Covid-19”, tendo un prazo máximo de tres anos, ampliable a doce meses máis se o xustificase a duración do correspondente programa; iniciándose este programa con data do 15/10/2021.

Terceiro. Notificar a presente resolución á aspirante nomeada comunicándolle que deberá tomar posesión e incorporarse nun prazo máximo de cinco días naturais contados a partir do seguinte á notificación, de acordo co establecido na base novena.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Así mesmo, informaráselle acerca do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co concello.

Cuarto. Comunicar ao Rexistro de persoal para os efectos oportunos.

Quinto. Publicar esta resolución de nomeamento na páxina web do concello (concellodelaxe.com), no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica municipal.

Sexto. Dar traslado ao Departamento de Contabilidade municipal para a realización dos trámites necesarios para o seu coñecemento e efectos.

Mándaos e asínaos, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o 1º tenente de alcalde, don Francisco Charlín Oróns, en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe.

O primeiro tenente de alcalde,
Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,
Asdo. Begoña Carrasco García